



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

12-11-2010

Á marxe da pugna polo poder, a sociedade arxentina loita por recuperar o estado de benestar perdido coa grande crise de inicios do século XXI

Arxentina após morte de Kirchner

DIEGO PARDO AMADO



Por motivos académicos, chego ao Aeroporto Internacional Ministro Pistarini (Buenos Aires) apenas uns días despois da celebración do sepelio de Néstor Kirchner. O taxista que me traslada ao barrio de «Palermo Viejo» non evita comparar a recente morte do ex-presidente coa de Juan Domingo Perón: *«Naquela altura -relátanos en canto conduce a toda velocidade pola avenida Ricchieri- a dor si que foi sincera. Eu era militar e distribuía mate ás moreas de persoas que choraban a súa morte»*. O discurso, claramente crítico para co kirchnerismo, contrasta coa postura de Matilde, unha ama de casa que ve pasar á tarde na turística praciña Dorrego. Ao carón do seu esposo, o poeta Óscar Lorenzo (máis coñecido como «Sueño Azul»), recoñece terse beneficiado dun dos programas sociais do goberno, o que lle permite desfrutar dunha humilde xubilación. Tamén Luis Alberto, ancián que tece puchos para apoiar a súa escuálida economía, asegura subsistir cunha pensión de tan só 900 pesos mensuais, isto é, arredor de 160 euros.

A chamada «militancia K», que de forma tan efusiva manifestou a súa dor após a noticia do 27 de outubro, promove agora iniciativas de

recoñecemento para o desaparecido ex-presidente. A principal arteria de circulación de Río Gallegos, onde Kirchner iniciara a súa carreira política, xa foi rebautizada con improvisados papeis impresos que a designan como «Avenida Pte. Néstor Kirchner». Asemade, as paredes dos predios do centro de Buenos Aires recollen pintadas e carteis que dan a chave dun novo panorama político en que calquera apoio ao goberno é benvido: «¡Fuerza Cristina! Sigamos construyendo una Argentina para todos».

Desde logo, para se perpetuar no poder, a presidenta sabe da urxencia de transmitir á cidadanía sensación de continuidade e fortaleza. Despois dun breve discurso televisado nos inicios da pasada semana, Cristina Fernández aproveita toda a ocasión para sentenciar que desexa continuar adiante, malia os ataques que, cada día que pasa, empezan a se facer máis evidentes. Esfúmanse os días de loito e resulta difícil recompor un sistema político que, desde a sombra, parecía estar minuciosamente controlado por Néstor Kirchner.

O tema xornalístico por excelencia nos diarios son as eleccións de 2011. Se ben o kirchnerismo máis fiel á presidenta xa a proclamou como candidata, expertos politólogos como Julio Blanck sinalan impedimentos formais, xa que dificilmente poderá encabezar o Partido Judicialista (PJ) sen formar parte da súa dirección. Con todo, segundo as opinións dos bonaerenses, son maiores outras das dificultades que Cristina terá de salvar: o descrédito xeneralizado da clase política; cifras de desemprego «maquilladas» que coliden coa realidade que se observa nas rúas; a inutilidade do plan «Argentina trabaja»; casos de corrupción (se ben moito menos evidentes que noutras etapas políticas), diferenzas sociais cada vez máis acentuadas, un incipiente racismo focalizado na poboación boliviana, inseguridade cidadá etc.

Á marxe da pugna polo poder, a sociedade arxentina loita por recuperar o estado de benestar perdido coa grande crise de inicios do século XXI. Por riba do balbordo da fermosísima Buenos Aires voan os versos do poeta de San Telmo. O singularísimo «Sueño azul» canta:

«Tantos años han pasado
Y en las vueltas de la vida
Cuanto sueños esfumados...
¡La ilusión sigue encendida!»